

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o martes, 30 de setembro de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/14, do 12 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.448 á nº 18.770 de 2014.
- 3.-Proposición sobre designación de membro do Padroado da Fundación Galicia Obra Social.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

- 4.-Aprobación provisional da primeira relación de obras incluídas na segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, correspondente aos concellos de Cambre, Outes e Vedra.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- 5.-Aprobación do convenio co Concello de Culleredo para financiar a reserva de vinte prazas do Centro ocupacional "A Escada", ano 2014.
- 6.-Aprobación do convenio coa entidade ASPROMOR (*Asociación pro-minusválidos do Ortegal*) para financiar a construción dunha residencia para persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas (3ª e última fase).
- 7.-Aprobación do convenio coa *Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de A Coruña (ALCER)* para o financiamento de "Bule con Alcer 2014". Programa de exercicios físicos e psicosociais para persoas con enfermidades crónicas e familiares.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

- 8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar un ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014.
- 9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar actividades de promoción da ópera no ano 2014: LXI Festival de Ópera da Coruña.
- 10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2014.

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda para financiar o proxecto de recuperación, análise e divulgación da toponimia menor da Coruña e da súa comarca.

12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o programa de actividades do ano 2014.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispo de Santiago de Compostela para financiar o inventario dos arquivos parroquiais ano 2014.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Sportis. Formación deportiva para financiar a realización do IV Congreso mundial do deporte en idade escolar: Seminario Nacional de Escolas Deportivas, Educación Física e Psicomotricidade.

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para financiar a fase de ascenso liga feminina 2.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para financiar actuacións na igrexa de Santa María e convento do Rosario de San Sadurno.

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística del Ferrol para financiar a realización do 45º Rallye Automovilístico de Ferrol.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo de La Coruña para financiar a realización de actividades deportivas no ano 2014.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Clube Patín Cerceda para financiar o mantemento da estrutura do clube para a realización de actividades deportivas 2014.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Comunidade Veciñal de Montes en Man Común da Parroquia de Olveira para financiar o proxecto de ampliación da Casa da Cultura de Olveira.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar a XXIV Mostra de Encaixe.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA) para financiar o proxecto “Emprender, Aprender e Disfrutar”.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios e Profesionais Compostela Monumental para financiar a Dinamización Comercial 2014.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Enfermería da Coruña para financiar obras de reforma de local para oficina.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Equicio para financiar o proxecto “XVII Salón do cabalo. Equicio 2014”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Residencia Santiago Apóstol de Río de Janeiro – Brasil, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento no 2014.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD Ecodesarrollo Gaia, para o financiamento do proxecto “Mantemento da escola Coruña, de Yoff-Tonghor (Senegal), durante o 2014.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

29.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cariño para financiar as obras de pavimentación, abastecemento e saneamento na rúa do Campo (2ª fase).

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Paderne para financiar o mantemento e reparación do local social de Vigo, da biblioteca municipal e locais de uso veciñal.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (UDC) para o cofinanciamento do mestrado en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea 2013-2014.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

32.-Aprobación do expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Arteixo.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para o financiamento das obras de “Mellora de viais en varios puntos do Concello de Camariñas”.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento das obras de “Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa”.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento das obras de “Reforma e ampliación da piscina municipal de Perillo”.

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas para o financiamento das obras de “Execución de senda peonil no acceso ao polígono (AC-110-Poelle)”.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas para o financiamento das obras de “Iluminación pública dende AC-110 a acceso ao polígono e outros”.

38.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pavimentación de travesías das casas de Area e das rúas do Pilar, Horacio Fernández e Doutor Carreño”, do Concello de Cariño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0188.0.

39.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acondicionamento do camiño de Pando, parroquia de Torea” do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0108.0 e aprobación definitiva da obra.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

40.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/08/2014 e proxección a 31/12/2014.

41.-Aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ordes.

42.-Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 5/2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo do Bloque Nacionalista na Deputación da Coruña sobre a ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro.

ROGOS E PREGUNTAS